

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA, ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO NO ACTO DE SINATURA DO ACORDO DE DIÁLOGO SOCIAL 2010-2013

Bos días a todos, benvidos ó Pazo de Raxoi, nesta praza do Obradoiro. Benvidos moi especialmente a todos os axentes sociais, ós interlocutores sociais que hoxe mandan unha mensaxe de esperanza a toda a sociedade galega e que hoxe, xuntos, mandan e reiteran o seu compromiso da unidade, nos momentos de dificultade, con Galicia.

Queridos secretarios xerais e UXT e Comisións Obreiras, presidente da Confederación de Empresarios de Galicia, membros do Goberno, compañeiros, conselleira de Traballo e Benestar, conselleira de Facenda e conselleiros de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de Economía e Industria, e de Educación e Ordenación Universitaria, presidentes dos empresarios de cada unha das provincias e equipos directivos das organizacións sindicais que nos acompañan. Por suposto tamén os altos directivos da Xunta de Galicia que cos axentes sociais comprometeron este ano longo de diálogo, intenso, e, polo que se ve nesta mañá, frutífero.

Nos actos máis relevantes para Galicia, un vese tentado a encomendarse ás citas dos máis ilustres devanceiros. Parece como se quixeramos erixirnos en xustos herdeiros do seu legado galeguista, ese que foron levantando mulleres e homes tan distintos como Castelao, como Brañas, como Cunqueiro, ou como Novoneyra.

A fe que cada un deles tiña as súas particularidades literarias e as súas preferencias ideolóxicas. Tamén nós. Sindicatos, empresarios, e representantes políticos movémonos con distintas dinámicas e con diversas motivacións. Hai nas nosas intervencións matices, pero malia iso, estamos aquí, e novamente estamos xuntos.

O horizonte que anhelamos é o mesmo co que soñaron os nosos devanceiros: unha Galicia unida, unha Galicia unida a prol do desenvolvemento e do benestar dos galegos, e capaz de adaptarse ós cambios que van impondo os novos tempos. Felicitémonos porque o galeguismo que eles escribiron antes, nós poñémolo en práctica hoxe. Pese a que non resultarían anacrónicas, non precisamos botar man das súas citas literarias máis memorables, porque xa as parafraseamos aplicándoas na vida actual.

É por iso que eu penso que este acordo que hoxe asinamos ten un significado que vai máis aló de consecuencias estritamente económicas.

As cifras son importantes: preto de 1.000 millóns de euros de investimento, que se suman a case 400 millóns de euros que mobilizará o IGAPE coas súas medidas de apoio, dan proba da repercusión financeira destes 15 acordos que acabamos de formalizar no contexto do diálogo social que obriga durante toda a lexislatura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Pero máis aló dos números, neste encontro solemne que adereza a xa completa historia de Raxoi, radica tamén a proba da forza do noso país e da responsabilidade dos seus representantes sindicais, dos seus empresariais e dos seus representantes gobernamentais.

Felicito, en consecuencia, á sociedade galega por elo e recoñezo expresamente a xenerosidade dos que me acompañan aquí –a xenerosidade da UXT, a xenerosidade de Comisións Obreiras e a xenerosidade da Confederación de Empresarios, e tamén, dunha forma moi especial, ó traballo e ó compromiso cos intereses xerais da Consellería de Traballo e Benestar, do seu equipo, e por suposto tamén do resto das Consellerías hoxe aquí explicitadas coa presenza de cinco membros do Goberno, a metade do propio Gabinete, que hoxe queremos dar cita como proba do compromiso de todo Goberno de este documento que subscribimos do Diálogo Social 2010-2013. Esa xenerosidade fixo posible que os detalles non prexudicaran o proceso; e fixo posible centrarnos no que compartimos, e non no que nos distingue.

E compartimos o esencial: o diagnóstico –vivimos unha situación difícil–, e compartimos as receitas –basicamente que temos facer fronte ás dificultades máis apremiantes, pero tamén traballar no medio e no longo prazo para saír fortalecidos da crise económica.

Velaí un exemplo do que a cidadanía espera de todos nós: non esperan que nos deixemos levar polos acontecementos ou por instancias superiores; tampouco que nos agochemos nun optimismo falaz; e menos aínda que nos inhibamos dos problemas. Os cidadáns esperan, en primeiro lugar, que afrontemos as dificultades, en segundo lugar, que teñamos confianza en vencelas e, e terceiro lugar, que nos unamos, que nos unamos para lograr vencer estas dificultades.

Ese mandato popular guiounos nas cinco mesas de Diálogo Social e nas máis de 80 reunións que mantivemos dende xaneiro –unha media de tres xuntanzas por semana– ata chegar ó día de hoxe, no que presentamos á sociedade un acordo completo, que cultiva a unidade en áreas claves para lograr unha Galicia forte e unha Galicia próspera, en base ós seguintes nove compromisos que acolle este Acordo de Diálogo Social 2010-2013.

-Primeiro, colaboración para loitar contra a lacra do desemprego. A través dun investimento de máis de 110 millóns de euros que suporá a contratación de máis de 25.000 persoas nesta lexislatura. E a través, como dicía o secretario xeral de UXT, da modernización do Servizo Público de Emprego.

- En segundo lugar, traballo conxunto para lograr unha Galicia inclusiva dos máis desfavorecidos, moito máis necesaria en épocas de crise económica apostando pola reforma profunda da Renda de Integración Social de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- En terceiro lugar, acordo para reforzar o apoio ós nosos principais sectores produtivos, apostado por incrementar liñas de financiamento ata chegar a mobilizar preto de 400 millóns de euros a través do IGAPE, ou pactando o Plan para o téxtil.
- En cuarto lugar, o compromiso colectivo cunha Galicia máis e mellor formada, que recoñeza a preparación daqueles galegas e galegos que levan anos traballando, pero que non teñen un título que o acredite, creándose unha Comisión Galega de Formación Continua e redefiníndose a Fundación Galega de Formación para o Traballo.
- En quinto lugar a coordinación para lograr unha Galicia máis segura, na que a prevención dos riscos laborais sexa unha asignatura obrigada, elaborando un Plan Estratéxico de Riscos Laborais 2011-2014.
- En sexto lugar o entendemento para que a Administración sexa máis simple e, en consecuencia, máis útil. Que elimine trámites burocráticos e sexa cada vez máis eficaz, máis próxima ós cidadáns. De aí o Plan de Banda Larga, o Plan E-goberno e toda a Axenda Dixital Galicia 2014.gal.
- En sétimo lugar concerto para innovar, fomentando a aposta dos emprendedores pola innovación e polo desenvolvemento, a través dun sistema de axudas menos complexo e unha xestión máis dinámica e flexible, anticipando o 80% das axudas, acordando un novo Plan Galego de Innovación e acordando a creación do Observatorio de Innovación e apoio ós centros tecnolóxicos.
- En penúltimo lugar, un pacto para ordenar o territorio, aprobar dunha vez por todas a sinatura pendente, dando o visto bo ó Plan do Litoral que entenda a paisaxe como un valor e que fomente o uso racional do solo.
- En noveno e último lugar a cooperación, a cooperación para facer máis accesible a vivenda. Unha posta no mercado de stock de vivenda construída e rematada, impulsando a rehabilitación como unha prioridade e medidas que faciliten o acceso ó solo público para a construción de vivendas en réxime de aluguer.

En consecuencia, colaboración, traballo conxunto, acordo, compromiso colectivo, coordinación, entendemento, concerto, pacto, cooperación... en definitiva, unidade. Unidade que proba que todos os que estamos aquí cremos no diálogo social. Non como un fin, senón como un medio. Nin como unha coartada ou unha escusa para non gobernar, senón como un aliado para atopar as mellores decisións de goberno. Tampouco como un instrumento limitado a unhas poucas áreas, senón como unha fórmula para facer convivir diferentes maneiras de entender Galicia a todos os niveis.

... Dende o ámbito laboral e industrial que nos tiña achegado xa noutros momentos do pasado máis recente...

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

... Ata políticas novidasas tan importantes como a política social, as infraestruturas ou a ordenación do territorio.

Amigas e amigos, o noso país non tivo un pasado fácil e tampouco o presente se amosa sinxelo. Pero Galicia sempre fixo seu un valor que lle serviu nos momentos máis críticos da súa travesía democrática.

É o valor da unidade que lle permitiu levantar grandes obras colectivas, como Xacobeo que este ano 2010 celebramos.

É o valor da unidade que lle permitiu aparcar competencias históricas, como a das caixas galegas, e substituílas por un entendemento frutífero que fará posible a fusión das entidades financeiras con solvencia acreditada. Outra vez, aí, nesa unidade, e na fusión das caixas volvemos a ter o acordo e a unanimidade dos axentes sociais e os axentes empresariais ós que aproveito para agradecerllo unha vez máis.

E é o valor da unidade que nos permite hoxe seguir sumando esforzos para construír unha Galicia que xere confianza ós mercados, que xere confianza ó mercado laboral, e que xere confianza ós inversores, con instrumentos que loitan contra os efectos da crise económica.

Nun momento no que a cidadanía espera máis ca nunca a responsabilidade dos seus representantes;

nun momento no que é preciso máis ca nunca altura de miras;

nun momento no que a crise esixe comportamentos que soamente respondan ao interese xeral;

penso que Galicia está respondendo ás necesidades deste momento.

Cada un de nós cumprimos coa función que nos encomendan os cidadáns: fomentar a unión e o entendemento; e defender o interese común.

Así é como Galicia volve a ser referente, como una das poucas Comunidades Autónomas capaz de sacar adiante un acordo destas características,

por suposto, un acordo que segue aberto a todos os que queiran estar nel.

E que será continuado no futuro máis inmediato para abordar os principais retos de futuro, entre eles, o Plan Estratéxico da Economía 2010-2014 horizonte 2020. Xa foi debatido cos axentes sociais e dese debate que xurdiu a necesidade de establecer un xeito de vincular os eixos do Plan cos asuntos tratados nas mesas do Diálogo Social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En definitiva, Galicia volve proxectar a súa mellor imaxe no resto de España: unha Galicia que suma e que non resta; que dialoga, en vez de impoñer; que concerta, e non confronta.

Agradezo a todos que, na medidas das súas responsabilidades, están, -esta é a Mesa que o acredita-, á altura que Galicia e os galegos e as galegas precisan posibilidades.

Neste Ano Xacobeo 2010, sindicatos, empresarios e Xunta seguimos investindo todas as nosas enerxías no Camiño. No Camiño que nos teñen marcado os galegos.

Moitas gracias.

SAÚDOS,
GABINETE DE COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA